

A decorative border of blue musical notes on black circular backgrounds surrounds the text. The notes are arranged in a rectangular frame, with a horizontal row at the top and bottom, and vertical columns on the left and right sides.

# Xirarei

**Juan Pardo**

Canto máis te vexo máis me atroxo  
e, co xeito do teu corpo  
vas facendo que eu me sinta  
máis coitado cun rapaz.

Eu téñolle máis medo aos teus ollos feiticeiros  
que ao nubrado dunha noite de meigallos  
chea de agoiros do mar.

E, pra namorarte, xirarei.

Xirarei como a roda do muíño  
xirarei nas túas augas de muller  
xirarei un por un os teus camiños  
pra namorarte, xirarei e xirarei,  
xirarei, como ti digas e queiras  
pra buscarche a beirada, xirarei  
e ben sei que coa miña toleira  
namorareite, xirarei e xirarei.

Canto máis te vexo máis me atroxo  
e co demo do teu corpo  
vas facendo que eu me sinta  
máis coitado cun rapaz.

Es como unha pomba viaxeira  
que voando vas na feira  
das mentiras e verdades  
e non sabes onde vas  
e, pra namorarte, xirarei.

Xirarei, como a roda do muíño  
xirarei nas túas augas de muller  
xirarei un por un os teus camiños  
pra namorarte xirarei e xirarei.

Xirarei como ti digas e queiras  
pra buscarche a beirada xirarei  
e, ben sei que coa miña toleira  
namorareite, xirarei e xirarei (Bis)